

**Modelo de alegacións ao borradores de PD 2010-2013 e PA 2010**

<b>ONGD “Amigos da terra Xuventude Galicia”</b>	
<b>Alegación nº</b>	<b>1 PD 2010-2013</b>
<b>Apartado do texto</b>	<b>2.4 A distribución sectorial</b>
<b>Páxina XX, parágrafo XX, liña</b>	Páxina 17, parágrafo 2, liña5
<b>Di</b>	“Algúns sectores, como é o caso de “Investimento no ser humano” e “Defensa do medio ambiente” estiveron moi por debaixo do inicialmente previsto. Este último resultado aconsellaría revisar as metas para o plan director que agora se abre. ”
<b>Nova proposta de redacción</b>	“Algúns sectores, como é o caso de “Investimento no ser humano” e “Defensa do medio ambiente” estiveron moi por debaixo do inicialmente previsto. Este último resultado aconsellaría <b>poñer especial énfasis en acadar</b> as metas para o plan director que agora se abre.”
<b>Xustificación da alegación</b>	Dende Amigos da Terra consideramos que o non cumprimento dos obxectivos marcados non é argumento para reducir os mesmos, se non que sabendo a importancia vital que os ecosistemas teñen para o desenvolvemento humano, abogamos por que dende a administración se ofrezan incentivos específicos para que os actores implicados adiquen maiores esforzos e recursos neste sector.
<b>Alegación nº</b>	<b>2 PD 2010-2013</b>
<b>Apartado do texto</b>	<b>4.2 obxectivos especiais e específicos. OX. 2.- Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable</b>
<b>Páxina XX, parágrafo XX, liña</b>	Páxina 35,parágrafo 6 liña,3
<b>Di</b>	“O.E. 2.1.- Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia do cambio climático ou outras causas ...”
<b>Nova proposta de redacción</b>	“O.E. 2.1.- Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia <b>da acción do home</b> , do cambio climático ou outras causas.”
<b>Xustificación da alegación</b>	Definir especificamente que a acción do home é unha das causas específicas do deterioro do medio ambiente é o punto de partida indispensable para saber hacia onde temos que encamiñar as nosas actuacións.

Alegación nº	<b>3 PD 2010-2013</b>
Apartado do texto	<b>4.2 obxectivos especiais e específicos. OX. 2.- Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable</b>
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 35, parágrafo 7 liña, 3
Di	“Preténdese reducir a vulnerabilidade das poboacións dos países do sur ante circunstancias que ameazan de forma grave as súas estratexias de supervivencia e hábitat, como por exemplo: furacáns, secas, terremotos, inundacións e tsunamis, entre outras. ...”
Nova proposta de redacción	“Preténdese reducir a vulnerabilidade das poboacións dos países do sur ante circunstancias que ameazan de forma grave as súas estratexias de supervivencia e hábitat, como por exemplo: furacáns, secas, terremotos, inundacións e tsunamis, <b>deforestacións contaminación de acuíferos, humidaís e terras de cultivo</b> entre outras..”
Xustificación da alegación	Novamente a inclusións de actividades de deterioro ambiental producidas pola man do home deben estar incluídas especificamente polo mesmo motivo indicado na alegación anterior
Alegación nº	<b>4 PD 2010-2013</b>
Apartado do texto	<b>5.2- Prioridades transversais, A defensa da sustentabilidade ambiental</b>
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 46, parágrafo 4, liña 4
Di	“Desde un punto de vista práctico, e sen prexuízo das accións destinadas especificamente á mellora do medio ambiente e o hábitat, isto comporta que todas as accións de cooperación teñan en conta o seu impacto na dimensión ambiental, para que a súa posta en práctica non supoña unha degradación dos ecosistemas...”
Nova proposta de redacción	“Desde un punto de vista práctico, e sen prexuízo das accións destinadas especificamente á mellora do medio ambiente e o hábitat, isto comporta que todas as accións de cooperación <b>inclúan a elaboración de estudos de impacto e a avaliación ambiental</b> , para que a súa posta en práctica non supoña unha degradación dos ecosistemas...”
Xustificación da alegación	A inclusión de estudos de impacto e avaliacións ambientais, son mecanismos de medición específicos que garanten o cumprimento da transversalidade nos proxectos da cooperación galega, da defensa da sustentabilidade ambiental